

**MODIFICACIÓN DA  
CONCRECIÓN CURRICULAR  
CURSO 2021/2022**

**IES de BARRO**

# ÍNDICE

- **Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- **Criterios do outorgamento de matrícula de honra**
- **Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- **Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**

## **Criterios xerais para a avaliación do alumnado**

### **Criterios para o tratamento de materias pendentes**

O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este plan de reforzo realizarase seguindo as directrices do artigo 51 da [Orde do 8 de setembro de 2021](#).

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

### **Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa.**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
  - Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da [Orde do 8 de setembro de 2021](#), pola que se desenvolve o [Decreto 229/2011](#), do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

#### **Criterios de titulación.**

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

- Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.
  4. O alumnado recibirá, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
  5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

### **Criterios do outorgamento de matrículas de honra.**

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumnado.
3. O criterio que se seguirá para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado será estritamente académico: a nota media das cualificacións do 4º curso. No caso de que haxa que establecer unha prelación, farase atendendo aos seguintes criterios, segundo esta orde:
  - Nota media de 4º, aproximando as cifras de centésimas ou milésimas
  - Nota media de 3º e 2º.

## **Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022.**

### **Procedemento para seguimento da recuperación das materias e/ou ámbitos pendentes.**

Na sesión de avaliación final do curso en que estea escolarizado o alumnado, o profesorado da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria.

En todo caso, para superar a materia pendente, o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación. Polo tanto, o tratamento das materias pendentes é idéntico ao das materias do curso actual, podendo realizar as actividades de recuperación que se desenvolven entre a 3ª avaliación e a avaliación final ordinaria.

### **Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.**

O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicárase a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría. Nese sentido, para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso.

Ao longo do período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final ordinaria, o alumnado pode mellorar a súa cualificación tras ser avaliado de novo daqueles criterios de avaliación aplicados ás unidades didácticas nas que non obtivera a máxima nota.

### **Protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado, que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.**

Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A partir dese informe, cada docente elaborará as actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel de desempeño necesario aplicando os correspondentes criterios de avaliación.

## **Aprobación e publicidade.**

### **Aprobación.**

A modificación da concreción curricular será aprobada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro e polo claustro, na reunión do 9 de maio de 2022.

### **Publicidade.**

Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas:

- Abalar 24-2-22.
- Data publicación na páxina web do centro: 5/05/2022.
- Data información a través de WhatsApp (grupo de difusión) : 5/05/2022.